



BOP

SÁBADO, 14 DE DECEMBRO DE 2019

N.º 286

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO

Anuncio

Expediente: DH.A27.47134

Rubén Varela Cadahía, en representación da Comunidade de Usuarios de Augas Muíño e Aserradoiro do Estanco, solicita de Augas de Galicia a concesión dun aproveitamento de augas públicas coas seguintes características

SOLICITANTE: Comunidade de Usuarios de Augas Muíño e Aserradoiro do Estanco

CAUDAL Medio Equivalente: 280 litros/segundo

CAUDAL máximo anual: 8.829.216 m³

DESTINO: Recreativo por rehabilitación de instalacións industriais e culturais.

ORIXE: Rio Pequeno ou de San Martiño

LUGAR: Muíño da Parede. Randulfe

PARROQUIA: Árbol (Santalla)

CONCELLO: Antas de Ulla

Solicítase unha concesión de augas para fornecer a un muíño e serradoiro situado no lugar de Muíño da Parede - Randulfe, parroquia de Árbol, concello de Antas de Ulla. As instalacións, xa existentes, constan de un azude no río do Estanco nas coordenadas (ETRS89 huso 29) X:588.830 Y:4.738.215, derivando a auga cara a marxe esquerda por unha canle de derivación que pasa polas parcelas 559 e do polígono 64 e 482 do polígono 63 ata chegar ao muíño que se sitúa na parcela 483 do polígono 63. O muíño conta con alimentación directa para o serradoiro e unha cámara de carga para as tres moas do muíño.

Para este aproveitamento non se solicitou a declaración de utilidade pública nin tampouco a imposición de servidumes.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Antas de Ulla ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa Tomiño, 16, baixo, en Santiago de Compostela, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2019.- O Xefe do Servizo Territorial, Ángel Gómez Rey.

R. 3746

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

SECCIÓN ADMINISTRACIÓN RR.HH.

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación, en sesión extraordinaria, celebrada o día 5 de decembro de 2019 a "**Proposta de modificación puntuais da Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación Provincial de Lugo, como consecuencia da modificación do Cadro de Persoal e dotación de determinados posto de traballo**"; en cumprimento do previsto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, expónse a información Pública na Secretaría Xeral desta Entidade, por un prazo de 20 días, dentro dos cales, poderase examinar o expediente e presentar alegacións ou observacións que se estimen oportunas, nas condicións que se establecen no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento

Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de que non se presenten alegacións ou observacións, no indicado prazo, entenderase definitivamente aprobada.

Lugo, 12 de decembro de 2019.- A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3779

CONCELLOS

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA NOVEMBRO DE 2019

Por Xunta de Goberno Local do día 9.12.2019 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de novembro de 2019.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 13.12.2019 ata o 13.02.2020.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 9 de decembro de 2019.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 3747

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 1ª FRACCION COTA TRIMESTRAL CURSO 2019-2020

Por Xunta de Goberno Local do día 9.12.2019 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Primeira Fracción Cota Trimestral curso 2019 -2020.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 13.12.2019 ata o 13.02.2020.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 9 de decembro de 2019.- O alcalde, Tomé Roca.

R. 3748

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA DO LIXO 5º BIMESTRE DO EXERCICIO 2019 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta do Goberno Local do día 9.12.2019 aprobose o padrón da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo do quinto bimestre do exercicio 2019 (setembro- outubro).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 26.12.2019 ata o 26.02.2020..

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 9 de decembro de 2019.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 3749

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 02.11.2019, aprobose o padrón fiscal correspondente ó mes de novembro de 2019 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 206,11 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 298,97 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 03 de decembro de 2019.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3750

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oourol, en sesión extraordinaria celebrada o día 15 de novembro de 2019, prestou aprobación aos seguintes Padróns:

- **Padrón da TAXA de AUGA correspondente ao 3º TRIMESTRE de 2019.**

- **Padrón da TAXA de LIXO correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2019.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fíxase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 21 de xaneiro de 2020 ata o 23 de marzo de 2020, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oourol, 2 de decembro de 2019.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3751

RÁBADE

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 9 de decembro de 2019, adoptou o acordo de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación dos servizos de auga, alcantarillado, saneamento e depuradora no Concello de Rábadade. En cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública, por un prazo de 30 días, para que os interesados o poidan examinar e presenten as reclamacións que estimen oportunas. No

caso en que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 10 de decembro de 2019.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 3752

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 30 de setembro de 2019, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de agosto de 2019, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 7 de outubro de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3753

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 30 de agosto de 2019, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de agosto de 2019, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 7 de outubro de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3754

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 7 de outubro de 2019, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de setembro de 2019, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 9 de outubro de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3755
